

005275 08.06.2015 09:58

O Acordo do Consello de Goberno do 31 de outubro de 2013 regula o Recoñecemento de niveis de coñecemento de idioma e acreditación do coñecemento de lingua estranxeira para a obtención do título de grao. Neste acordo establécese que os estudantes da USC para obter o título de Grao deberán acreditar o nivel B1 dunha lingua estranxeira consonte ao Marco Europeo Común de Referencia para as Linguas (MECRL). Igualmente, para formalizar a matrícula no máster que habilita para o exercicio das profesións de Profesor de Educación Secundaria Obrigatoria e Bacharelato, Formación Profesional e Ensino de Idiomas é necesario acreditar o nivel B1 (MECRL) de coñecemento dunha lingua estranxeira.

No punto 2.2 do acordo establécese que mediante resolución reitoral se determinarán as titulacións que outorguen o nivel B1 no seu plano de estudos segundo a memoria do título verificado. Así, publicáronse as resolucións reitorais de 13 de decembro de 2013 e de 24 de febreiro de 2014 (esta última incorporaba o recoñecemento do nivel B1 para as titulacións da ordenación anterior e unha corrección con respecto ao recoñecemento no Grao en Mestre en Educación Infantil).

Con posterioridade ás resolucións citadas, recibíronse na Vicerreitoría de Oferta Docente e Innovación Educativa unha proposta da Facultade de Filoloxía (corrección do sistema de acreditación do nivel de lingua e das táboas de recoñecemento de nivel de lingua para os distintos módulos dos graos) e outra da Facultade de Administración e Dirección de Empresas (recoñecemento do nivel B1 para os alumnos do Grao en Xestión de Pequenas e Medianas Empresas, conforme ao establecido na memoria do título).

Co fin de simplificar a normativa de desenvolvemento do recoñecemento de niveis de lingua e acreditación do coñecemento dun idioma estranxeiro para a obtención do título de grao, é necesario refundir as resolucións citadas e incorporar as modificacións propostas polos centros nunha única resolución.

En vista de todo o anterior, esta reitoría

RESOLVE:

PRIMEIRO.- Os estudantes matriculados en titulacións que nas memorias verificadas establezan un nivel de competencia lingüística B1 ou superior nunha lingua estranxeira, segundo o Marco Europeo Común de Referencia para as Linguas (MECRL), nalgunha das materias ou módulos que conforman o plano de estudos, considérase que acreditan este nivel de coñecemento da lingua estranxeira cando superan estas materias ou módulos, non precisando ningunha outra certificación nin acreditación.

SEGUNDO.- Os estudantes estranxeiros deberán acreditar o nivel B1 de coñecemento dunha lingua diferente á súa lingua materna, é dicir, ás linguas oficiais do país de orixe segundo a nacionalidade (ou países de orixe se ten máis dunha nacionalidade). A estes efectos poderán acreditar o coñecemento do castelán, da lingua galega, do catalán ou do éuscaro.

TERCEIRO.- No expediente do alumno incluírase o nivel de coñecemento de idioma nos termos que determina o punto 3.3 do Acordo de recoñecemento de niveis de coñecemento de idioma e acreditación do coñecemento dunha lingua estranxeira do 31 de outubro de 2013.

CUARTO.- A relación de titulacións, materias/módulos e nivel de competencia lingüística figura no anexo a esta resolución.

QUINTO.- Están exentos de acreditar o nivel B1 dunha lingua estranxeira os alumnos que se atopen nos seguintes casos: i) licenciados en Filoloxía que inclúan o estudo dunha lingua estranxeira como materia obrigatoria; ii) os Licenciados en Humanidades que teñan superadas as seguintes materias dunha mesma lingua: Primeira Lingua Estranxeira (Francés I, Inglés I); Primeira Lingua Estranxeira (Francés II, Inglés II); Literatura da primeira Lingua Estranxeira I (Francés/Inglés); iii) Mestres Especialidade en Lingua estranxeira; iv) os que teñan superadas materias dunha lingua estranxeira, nestas ou noutras titulacións, que proporcionen competencias lingüísticas instrumentais, sempre que o conxunto destas materias dunha mesma lingua sume como mínimo 24 créditos.

SEXTO.- Quedan derogadas as resolucións reitorais de 13 de decembro de 2013 e de 24 de febreiro de 2014 que regulaban esta materia.

Esta resolución entrará en vigor desde a súa publicación no Taboleiro Electrónico da Universidade.

Santiago de Compostela, 5 de xuño de 2015

O Reitor



Juan Víaño Rey

Sr. Vicerreitor de Oferta Docente e Innovación Educativa; Sra. Secretaria Xeral; Sr. Secretario Xeral Adxunto; Sra. Decana da Facultade en Filoloxía; Sr. Decano da Facultade de CC. Da Educación; Sra Directora da Oficina de Información; Sr. Xefe do Servizo de Xestión Académica; Sra. Xefa do Servizo de Xestión da Oferta e Programación Académica; Srs. Xefes das Unidades de Xestión Académica do Campus Norte, Campus Sur e Campus de Lugo; Sra. Xefa da Oficina de Análise de Reclamacións; Sres./as Responsables das Unidades de Apoio aos Centros e aos departamentos.

ANEXO

Titulación	Materia / Módulo	Competencia lingüística (MERCL)
Grao en Ciencias da Cultura e difusión Cultural	G5101105 Idioma Moderno I (Lingua Inglesa)	B1
	G5101104 Idioma Moderno I (Lingua Francesa)	B1
	G5101115 Idioma Moderno II (Lingua Inglesa)	B1
	G5101114 Idioma Moderno II (Lingua Francesa)	B2
Grao en Filloxía Clásica; Lingua e Literatura Españolas, Lingua e Literatura Galegas, Lingua e Literatura Inglesas, e Linguas e Literaturas Modernas	Formación Básica da Lingua Alemá	A2
	Formación Básica da Lingua Francesa	A2
	Formación Básica da Lingua Inglesa	B1
	Formación Básica da Lingua Italiana	A2
	Formación Básica da Lingua Portuguesa	B1
Modalidade Maior das titulacións: Grao en Linguas e Literaturas Modernas (alemán, francés, italiano, portugués) e Grao en Lingua e Literatura Inglesas	Maior en Lingua e Cultura Alemás	C1
	Maior en Lingua e Literatura Francesas	C1
	Maior en Lingua e Literatura Inglesas	C2
	Maior en Lingua e Literatura Italianas	C1
	Maior en Lingua e Literatura Italianas + Módulo optativo de especialización en LL Italianas	C2
	Maior en Lingua Portuguesa e Literaturas Lusófonas	C2
Modalidade Minor dos graos en linguas: Grao en Filloxía Clásica; Lingua e Literatura Españolas, Lingua e Literatura Galegas, Lingua e Literatura Inglesas, e Lingua e Literaturas Modernas de Alemán; Francés; Italiano; Portugués	Estudios Ingleses	C1
	Estudios Lusófonos	C1
	Lingua e Literatura Alemás	B2
	Lingua e Literatura Francesas	B2
	Lingua e Literatura Italianas	B2
Outros módulos dos graos en linguas: Grao en Filloxía Clásica; Lingua e Literatura Españolas, Lingua e Literatura Galegas, Lingua e Literatura Inglesas, e Lingua e Literatura Modernas (alemán; francés; italiano; portugués; linguas románicas)	Módulo Complementario en Estudos Ingleses I	B2
	Módulo Complementario en Estudos Lusófonos I	B2
	Módulo Complementario en Lingua e Literatura Alemás	B1
	Módulo Complementario en Lingua e Literatura Francesas I	B1
	Módulo Complementario en Lingua e Literatura Italianas I	B1
	Módulo de Catalán. Lingua, Cultura e Literatura	B1
	Módulo de Lingua e Literatura Occitanas	A2
	Módulo de Lingua e Literatura Romanesas	A2



Titulación	Materia / Módulo	Competencia lingüística (MERCL)
	Módulo de Lingua e Literatura Danesas	B1
Alumnos con lingua materna distinta do español e do galego que cursen algún dos graos en linguas	Formación Básica da Lingua española	B1
	Formación Básica da Lingua galega	B1
	Módulo complementario en Lingua e Cultura Catalá	B1
Grao en Mestre en Educación Infantil <i>(Orde ECI/3854/2007, 27 de decembro pola que se establecen os requisitos para a verificación dos títulos oficiais que habiliten para o exercicio da profesión de Mestre en Educación Infantil)</i>	Aprendizaxe de linguas en Contextos multilingües (mód. Didáctico Disciplinar - Inglés)	B1
Grao en Mestre en Educación Primaria <i>(Orde ECI/3857/2007, 27 de decembro pola que se establecen os requisitos para a verificación dos títulos oficiais que habiliten para o exercicio da profesión de Mestre en Educación Primaria)</i>	Ensino e aprendizaxe de competencias comunicativas (Alemán, Inglés, Portugués e Francés)	B1
Alumnos con lingua materna distinta do español e do galego que cursen algún dos graos de Mestres acadarán a competencia lingüística de Castelán e Galego equivalente ao		C1
Grao en Xestión de Pequenas e Medianas Empresas	Inglés para comunicación comercial II	B1

Titulados conforme a ordenacións anteriores ao RD 1393/2007:

Licenciados en Filoloxía que inclúan o estudo dunha lingua estranxeira como materia obrigatoria	B1
Licenciados en Humanidades que teñan superadas as seguintes materias dunha mesma lingua: <i>Primeira Lingua Estranxeira</i> (Francés I, Inglés I); <i>Primeira Lingua Estranxeira</i> (Francés II, Inglés II); <i>Literatura da primeira Lingua Estranxeira I</i> (Francés/Inglés)	B1
Mestres Especialidade en Lingua Estranxeira	B1
Alumnos que teñan superadas materias dunha lingua estranxeira nestas ou outras titulacións, que proporcionen competencias lingüísticas instrumentais e o número mínimo de créditos da totalidade destas materias dunha mesma lingua sexa de 24	B1

